


LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,


CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do día dezanove de xullo de dous mil once, tomou o acordo que se relaciona no documento adxunto sobre a regulación dunha oportunidade de recuperación para os plans de estudo en proceso de extinción.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a vinte de xullo dous mil once, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor



Juan J. Casares Long



ACORDO SOBRE A REGULACIÓN DUNHA OPORTUNIDADE DE RECUPERACIÓN PARA OS PLANS DE ESTUDIO EN PROCESO DE EXTINCIÓN

A Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada polo Consello de Goberno de 15 de xuño de 2011, establece no art. 15 do apartado IV relativo a “avaliación específica para plans de estudio en proceso de extinción”, que o Consello de Goberno poderá acordar a posibilidade dunha nova oportunidade de recuperación para poder superar a materia.

En execución deste acordo do Consello de Goberno, o Consello de Goberno de 19 de xullo de 2011, acorda establecer o seguinte:

Artigo 1.- Sistema de recuperación

1. O alumnado dos plans de estudos en proceso de extinción matriculado en materias sen docencia, terán dereito a catro convocatorias con seis oportunidades de exame. Estas convocatorias se computarán a partir da extinción da docencia da materia sen prexuízo das consumidas con anterioridade, agás o disposto no art. 7.1 deste acordo.

2. A convocatoria ordinaria de febreiro o xuño só xera unha oportunidade de exame.

3. A convocatoria de setembro, ou de xullo para as licenciaturas con calendario adaptado ao EEES, dará dereito a dúas oportunidades de exame, considerándose a segunda como unha oportunidade de recuperación.

Artigo 2.- Publicidade das datas da recuperación

O Centros establecerán e publicitarán coa antelación suficiente as datas de realización desta oportunidade de recuperación. Procurarase que esta oportunidade se realice en datas non coincidentes coas xa establecidas na programación docente para as convocatorias ordinarias, e que en todo caso non sexa máis alá do mes de decembro.

Artigo 3.- Imputación da cualificación

1. Os estudantes suspensos na materia en extinción na convocatoria de setembro, o de xullo para as licenciaturas con calendario adaptado ao EEES, figuraran na acta como “pendentes de cualificar”, xerándose unha nova acta que se porá a disposición dos profesores para que procedan á súa cualificación unha vez realizada a recuperación.

2. Excepcionalmente, e para o curso 2010-11 esta acta xerarase tamén para os alumnos que figuren como “non presentado” na convocatoria de setembro o xullo.

3. No caso de superar a materia no exame de recuperación, a cualificación obtida imputarase á última convocatoria consumida.

Artigo 4.- Profesorado e criterios

1. O profesorado que avaliará aos alumnos será o mesmo que realizou a avaliación na última convocatoria. Excepcionalmente, o Departamento poderá

nomear outro profesor ou profesores para realizar a avaliación de recuperación, debéndoo comunicalo á Secretaría Xeral.

2. Os criterios de avaliación serán os do último curso con docencia, e o programa deberá axustarse ao realmente impartido nese curso.

Artigo 5.- Adaptación obrigatoria

Unha vez consumida a última oportunidade de recuperación sen que o alumno superase a materia, deberá realizar a adaptación obrigatoria ao Grao, agás que poida acollerse ao establecido no artigo 13 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*.

Artigo 6.- Natureza da recuperación

Este procedemento extraordinario non se considerará como unha convocatoria consumida.

Artigo 7.- Límites

1. Este procedemento non será aplicable aos alumnos que teñan esgotadas o número máximo de convocatorias durante o período de docencia da materia.

2. En ningún caso se poderá imputar unha cualificación por este procedemento, cando teña transcorrido o prazo de extinción do plano de estudos segundo o calendario de extinción establecido na memoria do grao que o substitúe, máis os dous cursos académicos seguintes á extinción.

Artigo 8.- Desenvolvemento deste acordo

1. Autorízase a que por resolución Reitoral se poida desenvolver regulamentariamente o presente acordo.

2. Aplicaranse a este procedemento as Instrucións xerais sobre actas ditadas pola Secretaría Xeral, a cal poderá ditar Instrucións específicas en materia de actas para esta oportunidade de recuperación.

Disposición Final.- Entrada en vigor

O presente acordo entrará en vigor na data de aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela